

TODO PÚBLICO PROGRAMACIÓN DE TEATRO CURSO 20-21

PRIMAVERA 2021

ESO - BACHARELATO - FP

25 e 26 de febreiro de 2021 ás 11.30 h

TEATRE DE L'ABAST &

ZERO EN CONDUCTA (Cataluña e País Valenciano)

ROB



Cando Rob subiuse a ese barco non sabía que nunca chegaría ao seu destino. Ou tal vez, o destino, tiñalle reservado ese lugar. Unha illa na que o único que atopará será a si mesmo.

Cando a vida vai á deriva é difícil saber cal é o noso porto. E mentres veñen rescatarnos, a nosa imaxinación convértese no noso único bote salvavidas.

Estimado público, grazas por vir acompañar a Rob na súa soidade. Pero non lle griten, non lle chamen, non lles poderá escoitar. Xa que a súa illa aínda que parece que está fóra, en realidade, está no seu interior. Así que, reláxense, séntense e bo naufraxio.

Intérprete: Ramon Rodenas

Dirección: Zero en Conducta

Autoría: Lucía Aibar, Victoria Minguez, J.A.

Puchades (Putxa) e Ramón Rodenas.

Duración: **60 min**

ESPECTÁCULO SEN PALABRAS

12 de marzo de 2021 ás 11.30 h

INVERSA TEATRO (Galicia)

SOFÍA E AS POSTSOCRÁTICAS



A singularidade deste proxecto está na mistura de filosofía, máscaras, poesía e tecnoloxía audiovisual e a denuncia dun tema tan complexo como é a violencia de xénero.

A filosofía que demostra que temos un público ávido de saber e reflexionar, que precisa de crítica en tempos de crise e non só de mero espectáculo.

Sofía e as Postsocráticas é unha obra que versa sobre a violencia machista, afondando nas causas da estrutura do maltrato.

A partires de tres personaxes en escena: Sócrates, Platón e Aristóteles (interpretados por mulleres) trataremos de buscar un novo logos, é dicir, un novo patrón interpretativo da realidade no que poidamos facer o cálculo do que é ou o que non é violencia machista. Xunto coas personaxes e mediante o emprego de máscaras. A dramaturxia conta tamén con elementos audiovisuais e sonoros que axudarán na reflexión de cal é a nosa responsabilidade como sociedade ante este tema. O pacto patriarcal, o silencio como resposta, o valor ontolóxico, o victim blaming (culpar á vítima), a negación ou o síndrome espectador son os fios argumentais polos que transitan as nosas personaxes.

Intérprete: Marta Pérez, María Roja, Silvia Penas

Dirección: Marta Pérez

Autoría: Marta Pérez a partir de materiais de creación colectiva.

Poemas: Silvia Penas.

Movemento: María Roja.

Videocreación: Laura Iturralde.

Duración: **70 min**

ESPECTÁCULO EN GALEGO

9 de abril de 2021 ás 11.30 h

FLYHARD PRODUCCIONS (Cataluña)

A.K.A (Also Known as)

A.K.A. (Also known as) é a historia sobre a identidade dun adolescente normal de clase media que nos mostra un período da súa adolescencia no que tremen as súas raíces, co trasfondo dos prexuízos e o racismo.

Carlos, chámome Carlos. Teño 15 anos, ou 16... vou á escola, abúrrome; quédome no parque cos compañeiros; hip-hop dance ... e un día coñezo a Claudia e ... maxia.

A.K.A. fálanos dun período da adolescencia de Carlos do que formamos parte. Por un momento no que, por circunstancias alleas a el, tremen os seus cimentos, as súas raíces, a súa identidade. E é que Carlos é adoptado... e aos ollos dos demais fan que lle pregunten cal é a súa "verdadeira" identidade. Pode que non sexa esa persoa que decidiu ser. Porque ao final, somos quen sentimos que somos ou quen cre que a xente que somos?

PREMIOS MAX AO TEXTO TEATRAL REVELACIÓN E ACTOR PROTAGONISTA (ALBERTE SALAZAR), PREMIO DA CRÍTICA EN BARCELONA, PREMIO DO PÚBLICO NO MIT DE RIBADAVIA E NO TEATRE DEL MAR EN MALLORCA E PREMIO TEATRO EXPRESS DE LA FUNDACIÓN SGAE, ENTRE OUTROS.

Intérprete: Lluís Febrer

Dirección: Montse Rodríguez Clusella

Autor e axudante de dirección: Daniel J. Meyer

Duración: **75 min**

ESPECTÁCULO EN CASTELÁN

16 de abril de 2021 ás 11.30 h

TRAJÍN TEATRO (Extremadura)

MAUTHAUSEN, La voz de mi abuelo

“MAUTHAUSEN” quere transmitir o testemuño real dun protagonista da nosa historia recente (Manuel Díaz), a partir dos recordos gravados directamente por el mesmo antes de morrer, aos que da vida a súa propia neta, quen relata con humor relampagueante a súa peripecia no campo de concentración nazi.

“MAUTHAUSEN. La voz de mi abuelo” é un canto á vida, á fortaleza do ser humano, á solidariedade e ao humor como unha estratexia, literalmente, de supervivencia.

Inma González dando voz ao seu avó, é capaz de transmitir a forza do relato, cargando o texto, os seus movementos e as súas accións non soamente de sentimento, tamén dun respecto e unha convicción que atrapa ao espectador facendo de Mauthausen un espectáculo substancial, conmovedor, divertido e con anxo..

Intérprete: Inma González

Dirección: Pilar G. Almansa

Duración: **60 min**

ESPECTÁCULO EN CASTELÁN

INFORMACIÓN XERAL

- 1- Todas as funcións terán lugar no Forum Metropolitano
- 2- Cada grupo só poderá inscribirse a unha obra de teatro.
- 3- **En cada sesión só asistirán grupos dun mesmo centro escolar. Aforo máximo 51 butacas.**
- 4- Cada grupo deberá estar acompañado por un responsable do centro.

VENDA DE ENTRADAS

En-liña a través da páxina web educativa: www.coruna.gal/educacion, a partir do día 18 de xaneiro e para os centros de outros municipios a partir do 01 de febreiro.

(Para solventar dúbidas coa web: 981 902 327 ou educoruna@balidea.com)

RETIRADA E ABONO DE ENTRADAS

As entradas deben ser retiradas e abonadas no Forum Metropolitano como moito 3 días antes do espectáculo, con cita previa (Tlf: 981 184 297).

Permitirase un máximo dun 10% de devolucións, sempre e cando non exceda de 5 entradas por función e centro. O importe será devolto despois da función.

Recoméndase o abono mediante tarxeta de crédito.

INFORMACIÓN PARA AS PERSOAS RESPONSABLES DOS GRUPOS

Agradécese que teñan en conta as seguintes indicacións: A hora apuntada na entrada é a de inicio da función.

Agradécese puntualidade.

Unha vez comezado o espectáculo, non se permitirá acceder á sala.

O alumnado entrará na sala portando a súa entrada.

Será de OBRIGADO cumprimento:

- . Non asistir a esta actividade con febre (> 37º) ou con síntomas propios do coronavirus.
- . Manter 1,5 metros de distancia de seguridade con outras persoas tanto nos accesos como no interior do edificio.
- . É obrigatorio utilizar a máscara (excepto no supostos contemplados na normativa vixente) para acceder e desprazarse polo edificio e durante o espectáculo.
- . Lavar as mans con xel hidroalcohólico e limpar os pes na alfombra desinfectante antes de entrar o auditorio.
- . Usar os aseos só en caso de extrema necesidade.

Estas normas poderán variar en función das medidas que podan ditar as autoridades sanitarias en función do desenvolvemento da pandemia do Covid-19 na nosa cidade ou na Comunidade Autónoma.